



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sociolingüística e planificación lingüística do galego e do español

Materia	Sociolingüística e planificación lingüística do galego e do español			
Código	V01G160V01601			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Bermúdez Montes, María Teresa			
Profesorado	Bermúdez Montes, María Teresa			
Correo-e	bermudezteresa@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo preparar o alumnado no manexo dos principais conceptos teóricos e recursos metodolóxicos da sociolingüística e a planificación lingüística, co fin de aplicalos á análise crítica dos diversos contextos sociais das linguas galega e española.			

Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
A5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Adquirir os conceptos principais de sociolingüística que se aplican á política e planificación lingüística, así como recoñecer os recursos metodolóxicos básicos.	A3 A4	
Analizar e valorar criticamente textos e materiais de análises sobre a planificación lingüística do galego e do español	A5 A6 A8	B3
Promover a autonomía do alumno/a para elaborar unha análise crítica das políticas lingüísticas nas comunidades hispanófonas.	A8 A9 A11 A13	
Expoñer oralmente, de forma sintética, textos teóricos e análises aplicadas sobre a planificación lingüística do galego e o español.	A6 A7	B4
Comentar por escrito textos relacionados coa sociolingüística e a planificación lingüística.	A8 A9	B3
Fomentar e consolidar o interese polo estudo das problemáticas que xeran os procesos comunicativos nos contornos sociais contemporáneos, aproveitando os coñecementos e a sensibilidade adquirida polo alumnado en materias de cursos anteriores.	A4 A5 A6 A8 A9	B3

Contidos

Tema	
1. Sociolingüística aplicada.	1.1. Principais conceptos teóricos da sociolingüística. 1.2. Recursos metodolóxicos fundamentais na sociolingüística: perspectiva cuantitativa e cualitativa. 1.3. A aplicación á política e planificación lingüística.
2. Caracterización sociolingüística da sociedade galega. Galego e español.	2.1. Aproximación á historia social da lingua galega. 2.2. Contacto de linguas, bilingüismo, diglosia e conflito lingüístico. 2.3. Diagnóstico da situación sociolingüística da lingua galega. A vitalidade etnolingüística. 2.4. Usos, competencias e actitudes lingüísticas. Análise de datos cuantitativos. Análise cualitativa das actitudes lingüísticas.
3. Ideoloxías lingüísticas.	3.1. Supremacismo lingüístico. 3.2. Ecoloxía lingüística.
4. Política e planificación lingüísticas: áreas de intervención e análise crítica.	4.1. Metodoloxía. Fases da planificación lingüística. 4.2. Planificación do corpus. 4.3. Planificación do status.
5. Política lingüística e planificación do galego.	5.1. Marco legislativo: CE, EA, LNL, PXNLG. A CELRM 5.2. Ideoloxías e prácticas planificadoras en Galicia: ámbitos da administración, ensino, medios de comunicación, económico e profesional. 5.3. A planificación do corpus: o proceso de estandarización da lingua galega.
6. Política lingüística e planificación do español.	6.1. A situación do español no mundo. 6.2. Ideas e ideoloxías do español como lingua internacional: panhispanismo e hispanofonía.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	28	28	56
Estudo de casos/análises de situacións	4	34	38
Traballos de aula	16	32	48
Presentacións/exposicións	1	4	5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	1	0	1
Probas de resposta curta	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e o grupo clase dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio ou ben proxecto. Levarase a cabo preferentemente de maneira individual ou, en todo caso, por parellas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sempre que sexa posible, xa na propia aula o profesor levará a cabo unha atención personalizada. Non obstante, o alumno/a debe acudir ás titorías para a resolución de dúbidas concretas, así como para a preparación de determinadas actividades (exposicións orais na clase, traballos escritos etc.).
Presentacións/exposicións	Sempre que sexa posible, xa na propia aula o profesor levará a cabo unha atención personalizada. Non obstante, o alumno/a debe acudir ás titorías para a resolución de dúbidas concretas, así como para a preparación de determinadas actividades (exposicións orais na clase, traballos escritos etc.).
Traballos de aula	Sempre que sexa posible, xa na propia aula o profesor levará a cabo unha atención personalizada. Non obstante, o alumno/a debe acudir ás titorías para a resolución de dúbidas concretas, así como para a preparación de determinadas actividades (exposicións orais na clase, traballos escritos etc.).
Estudo de casos/análises de situacións	Sempre que sexa posible, xa na propia aula o profesor levará a cabo unha atención personalizada. Non obstante, o alumno/a debe acudir ás titorías para a resolución de dúbidas concretas, así como para a preparación de determinadas actividades (exposicións orais na clase, traballos escritos etc.).
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Sempre que sexa posible, xa na propia aula o profesor levará a cabo unha atención personalizada. Non obstante, o alumno/a debe acudir ás titorías para a resolución de dúbidas concretas, así como para a preparación de determinadas actividades (exposicións orais na clase, traballos escritos etc.).
Probas de resposta curta	Sempre que sexa posible, xa na propia aula o profesor levará a cabo unha atención personalizada. Non obstante, o alumno/a debe acudir ás titorías para a resolución de dúbidas concretas, así como para a preparación de determinadas actividades (exposicións orais na clase, traballos escritos etc.).

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Asistencia, seguimento e participación activa nas clases teóricas.	5
Estudo de casos/análises de situacións	Análise e valoración escritas do caso estudado previamente na clase.	30
Traballos de aula	Realización de diversas actividades orais e/ou escritas ao longo do curso.	20
Presentacións/exposicións	Exposicións orais de lecturas ou temas previamente encargados polo profesor	5
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Realizarase ao final do curso unha proba para avaliación das competencias adquiridas que incluírá preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	20
Probas de resposta curta	Realizarase, tamén ao final do curso, unha proba destinada á avaliación das competencias adquiridas, que constará de preguntas directas sobre aspectos concretos.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

1ª edición das actas

O alumnado poderá escoller entre dous sistemas de avaliación, continua e única. Deberá confirmar explicitamente por cal das dúas opta nas dúas semanas iniciais do cuadrimestre.

a) Avaliación continua: condicións

É condición indispensable para ter dereito a ser avaliada/o nesta modalidade asistir a un 80% das clases, como mínimo. Unha ausencia da aula durante 15 minutos ou máis equivale á 'non asistencia' a esa sesión. Estas condicións non serán modificadas baixo ningún concepto.

Para poder entrar nesta modalidade é condición *sine qua non* terse presentado ou ter entregado cando menos unha das actividades correspondentes ás diversas metodoloxías de avaliación. Isto é, non será avaliada/o quen non se someta á avaliación dalgunha das metodoloxías descritas nesta páxina.

O incumprimento das condicións da avaliación continua (asistencia etc.) implicará o paso automático á avaliación única.

O plaxio ou a copia suporá a non cualificación do exercicio, traballo, práctica etc.

Para superar a materia é indispensable aprobar o exame (isto é, obter un 5 sobre 10, como mínimo) e ter entregados os traballos e prácticas dos restantes apartados da avaliación.

b) Avaliación única: condicións

O alumnado que opte pola avaliación única ou o alumnado que incumpra as condicións esixidas para a avaliación continua (p.ex. asistencia a menos do 80% das clases), deberá superar presentar un traballo escrito e realizar un exame final escrito. Para superar a materia deberase aprobar (isto é, obter unha nota igual ou superior a 5 sobre 10) as dúas probas. A cualificación na modalidade de avaliación única repartirase do xeito seguinte:

-Presentación dun traballo escrito previamente establecido, acordado coa docente: 25%

-Exame escrito (preguntas de resposta curta e de desenvolvemento): 75%

Convocatoria de xullo (2ª edición das actas)

No caso do alumnado en réxime de avaliación continua que non teña superado a materia na primeira convocatoria, na segunda convocatoria (xullo) manteranse todas as puntuacións iguais ou superiores a 5 obtidas ao longo do curso. Estas sumaranse ás puntuacións acadadas nas dúas probas finais (de resposta curta e de desenvolvemento), que se deberán realizar de novo en calquera caso. Ademais, o alumnado nesta situación deberá de repetir ou realizar as actividades individuais que lle quedasen pendentes na anterior convocatoria.

No caso de alumnado en réxime de avaliación única ou que se presente por primeira vez, a cualificación repartirase da seguinte maneira:

-Presentación dun traballo escrito previamente establecido, acordado coa docente: 25%

-Exame escrito (preguntas de resposta curta e de desenvolvemento): 75%

Para superar a materia deberase obter unha nota de aprobado (isto é, igual ou superior a 5 sobre 10) nas dúas probas.

Bibliografía. Fontes de información

Blas Arroyo, José Luis (2008). "Variación lingüística e identidade en la España plurilingüe: Una aproximación multidisciplinar", en Maurice Westmoreland & Juan Antonio Thomas (eds.), *Selected Proceedings of the 4th Workshop on Spanish Sociolinguistics*. Somerville, Ma: Cascadilla Proceedings Project, 1-16. [Tamén en liña]

Del Valle, José (ed.) (2007). *La lengua, ¿patria común?. Ideas e ideoloxías del español*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert.

Lamuela, Xavier & Henrique Monteagudo (1996): "Planificación lingüística", en Milagros Fernández Pérez (ed.): *Avances en lingüística aplicada*. Santiago de Compostela: Universidade, 230-301.

Monteagudo, Henrique & Xan Bouzada (coords.) (2002). *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: Análise e perspectivas*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Moreno Cabrera, Juan Carlos (2010). *O nacionalismo lingüístico*. Cangas do Morrazo: Morgante [Orixinal español: *El nacionalismo lingüístico: una ideoloxía destructiva*. Barcelona: Península, 2008].

Subiela Pérez, Xaime (2008). "As razóns da lingua galega". *Grial* 178, 32-45.

Wardaugh, Roland (1992). "A planificación lingüística", en *Introdución á sociolingüística*. Santiago de Compostela: Universidade. 391-418 [Orixinal inglés: *An Introduction to Sociolinguistics*. Oxford: Basil Blackwell].

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingüística, comunicación e cognición/V01G160V01905

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingüística: Introducción ao estudo da linguaxe e a comunicación/V01G160V01105

Análise do discurso/V01G160V01401

Informática para a lingüística e a literatura/V01G160V01302
